



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Persoal

Bases de selección de persoal experto docente

Bases de selección para o persoal experto docente para impartir cursos AFD no Concello de Oleiros, aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal número 2022003357, do 8 de xullo.

BASES XERAIS

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións xerais e específicas da selección de persoal experto docente para impartir cursos de formación para o emprego (AFD), que se realizarán no Centro Municipal de Formación en colaboración coa Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, dentro das programacións anuais do Plan de formación para o emprego, de acordo coa normativa seguinte e concordante:

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- R.D. lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Real decreto 34/2008 de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Para o non disposto nestas bases será de aplicación o recollido nas xerais para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios de carreira e persoal laboral do Concello vixentes no momento de cada convocatoria, en todo o que non contradigan á lexislación sectorial de aplicación.

A contratación será de carácter laboral temporal coas retribucións que figuran no orzamento municipal consonte os acordos da Corporación para o efecto.

Segunda.- Sistema de Cualificación.

A selección farase mediante o sistema de concurso-oposición quenda libre, no que se avaliarán os méritos alegados polas persoas aspirantes de conformidade cos baremos aprobados nas bases específicas e a presentación dunha memoria da actividade a realizar, xunto co desenvolvemento dunha entrevista profesional.

A convocatoria das prazas obxecto destas bases determinarase pola Alcaldía ou o órgano delegado.

En casos excepcionais e urxentes, debidamente motivados, poderá realizarse a selección por medio dunha oferta no Servizo Público de Emprego.

Terceira.- Taxas por dereitos de exame.

O importe da taxa por dereitos de exame será o que figure na ordenanza fiscal reguladora en vigor, para cada un dos postos obxecto de cada convocatoria. Deberá satisfacerse unha taxa por cada un dos procedementos selectivos en que se participe.

A carta de pagamento descargarase seguindo o procedemento que aparece na sede electrónica do Concello de Oleiros (sede electrónica-> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscripción nos procesos de selección de persoal). Este procedemento tamén figura na páxina web (Portada "O Concello" "Concellería de Participación Cidadá, Cooperación e Recursos Humanos" "Recursos Humanos").

Unha vez descargado, o dito documento deberase imprimir e pagar nunha das entidades colaboradoras reflectidas no mesmo impreso. Tamén se poderá realizar o pagamento na mesma sede electrónica ou a través das distintas canles que o permiten (caixeiros, banca electrónica, etc.).

A non presentación deste impreso de auto liquidación, no cal deberá figurar a data e selo da entidade bancaria, co formulario de solicitude no proceso selectivo determinará a exclusión no dito proceso da persoa aspirante, e non será posible a súa emenda fóra do prazo de solicitudes.

A presentación do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso selectivo.

Gozarán dunha bonificación dun 25% do importe aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñecese o título de familia numerosa de carácter xeral.

Así mesmo gozarán dunha bonificación dun 50%, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñecese o título de familia numerosa de carácter especial.

Considéranse familias numerosas de categoría xeneral e especial as reguladas polo artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, ás que se recoñecese tal condición, conforme se establece polo artigo 5 da citada Lei.

Co fin de acreditar a condición de membro de familia numerosa, os suxeitos pasivos ós que corresponda a aplicación da bonificación, axuntarán ó impreso de pago das taxas, o título oficial de familia numerosa.

Cuarta.- Condicións das persoas aspirantes.

1. Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da UE ou daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. Ter cumpridos dezaseis anos de idade.

3. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente, referida ao día de formalización do contrato, no caso de ser seleccionado/a.

4. Non estar separado/a a través de expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas por resolución ou sentenza firmes. Idéntico requisito esixírase aos/ás nacionais dos demais Estados membros da UE, nos eu caso.

5. Estar en posesión das seguintes titulacións en función da especialidade que sexa obxecto da convocatoria correspondente, ou estar en condicións de obtela á data de remate do prazo de presentación de instancias:

TITULACIÓNS - CRITERIOS DE ACCESO:

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

*** SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (AFDPO209)**

Requisitos esixidos para o persoal docente no Real Decreto 711/2011, de 20 de maio, por el que se establecen tres certificados de profesionalidade de la familia profesional Actividades físicas y deportivas que se inclúen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade (BOE 10/06/2011) modificado por el RD 611/2013, de 2 de agosto (BOE 07/09/2013):

Para as UC0269 "Executar técnicas específicas de natación con eficacia e seguridade", UC1082 "Previr accidentes ou situacións de emerxencia en espazos acuáticos naturais", UC1083 "Rescatar persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en espazos acuáticos naturais", estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes
- Técnico Superior da familia profesional de Actividades físicas e deportivas
- Técnico Deportivo Superior nas modalidades deportivas afíns a estes módulos formativos

- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidos para estas UC, os/as aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional.

Para a UC 0272 “Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura en medicina e ciruxía ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomatura en enfermería ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

*** SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS (AFDPO109):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no Real Decreto 711/2011, de 20 de maio, por el que se establecen tres certificados de profesionalidade de la familia profesional Actividades físicas y deportivas que se inclúen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade (BOE 10/06/2011) modificado por el RD 611/2013, de 2 de agosto (BOE 07/09/2013):

Para as UC0269 “Executar técnicas específicas de natación con eficacia e seguridade”, UC0270 “Previr accidentes ou situacións de emerxencia en instalación acuáticas, velando pola seguridade dos usuarios”, UC0271 “Rescatar persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en instalación acuáticas”, Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes
- Técnico Superior da familia profesional de Actividades físicas e deportivas
- Técnico Deportivo Superior nas modalidades deportivas afíns a estes módulos formativos
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidos para estas UC, os/as aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional.

Para a UC 0272 “Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia, Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura en medicina e ciruxía ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes
- Diplomatura en enfermería ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

*** FINANCIACIÓN DE EMPRESAS (ADGN0108):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1210/2009, do 17 de xullo, (BOE 23/09/09) polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional de Administración e Xestión que, á súa vez, se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade, modificado polo R.D. 645/2011, do 9 de maio (BOE 08/06/11):

Para as UC 0498 “Determinar as necesidades financeiras da empresa”, UC 0499 “Xestionar información e contratación dos recursos financeiros” e a UC 0500 “Xestionar e controlar a tesourería e o ornamento”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.

- Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes

2. Competencia Docente

3. Dous anos de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Para a UC 0233 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.

- Diplomatura, Enxeñería Técnica Arquitectura Técnica, ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes.

- Técnico Superior das familias profesionais de Administración e Xestión e Informática e comunicacións.

- Certificados de profesionalidade de nivel 3 das familias profesionais de Administración e xestión e informática e comunicacións.

2. Competencia Docente

3. Dous anos de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidos para esta UC, os/as aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten catro anos de experiencia profesional.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL AGRARIA, (Área profesional Forestal):

*** ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0309):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 682/2011, do 3 de maio (BOE 09/06/11), polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria, que se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade:

Para a UC1293_1 “Realizar operacións auxiliares de repoboación, corrección hidrolóxica e de construción e mantemento de infraestruturas forestais”, a UC1294_1 “Realizar actividades auxiliares en tratamentos silvícolas” e a UC1295_1 “ Realizar actividades auxiliares no control de axentes causantes de pragas e enfermidades ás plantas forestais”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.

- Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou título de Grao correspondente ou outros estudos equivalentes

- Técnico e Técnico Superior e da familia profesional da rama Agraria.

- Certificado de Profesionalidade de nivel 2 e 3 da área profesional forestal da familia profesional da rama agraria.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL AGRARIA, (Área profesional de Xardinería):

*** ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA (AGA00108):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1375/2008, do 1 de agosto (BOE 05/09/08), polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria, que á súa vez, se inclúe no repertorio nacional de certificados de profesionalidade:

Para a UC 0520 “Realizar operacións auxiliares para a produción e mantemento de plantas e viveiros e centros de xardinería”. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes.

- Licenciatura en Bioloxía.

- Enxeñería Técnica Agrícola ou Forestal.

- Técnico Superior en Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias ou Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos.

- Técnico en Xardinería.

- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia profesional da rama agraria e da área profesional de xardinería.

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional.

Para as UC 0521 “Realizar operacións auxiliares para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes” e a UC 0522 “Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes”. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes.

- Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Ciencias Ambientais.

- Enxeñería Técnica Agrícola ou Forestal.

- Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos.

- Técnico en Xardinería.

- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia profesional da rama agraria e da área profesional de xardinería.

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten **tres anos** de experiencia profesional.

*** Instalación e mantemento de Xardíns e zonas verdes (AGA00208):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1375/2008, do 1 de agosto (BOE 05/09/08), polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria, que á súa vez, se inclúe no repertorio nacional de certificados de profesionalidade:

Para as UC 0531 “Instalar xardíns de interior, exterior e zonas verdes” e a UC 0532 “Manter e mellorar xardíns de interior, exterior e zonas verdes”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes.

- Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Ciencias Ambientais.

- Enxeñería Técnica Agrícola ou Forestal.

- Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos.

- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia profesional da rama agraria e do área profesional de xardinería.

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional.

Para a UC 0525 “Controlar as pragas, enfermidades, malas herbas e fisiopatías”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes.

- Enxeñería Técnica Agrícola ou Forestal.

- Técnico Superior en Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias.

- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia profesional da rama agraria e do área profesional de xardinería.

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL DE ENERXÍA E AUGA:

*** MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS (ENAE0208):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1967/2008, do 28 de novembro (BOE 15/01/09), polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Enerxía e Auga que, á súa vez, se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade, modificado por R.D. 617/2013 de 2 agosto (BOE 12/09/13)

Para a UC 0601 “Replantear instalacións solares térmicas”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou título de grao correspondente e outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Técnico Superior da familia profesional de Edificación e obra civil.
- Certificados de Profesionalidade de nivel 3 das áreas profesionais de Estructuras e Proxectos e seguimento de obras da familia profesional de Edificación e obra civil.

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional no oficio.

Para a UC 0602 “Montar captadores, equipos e circuítos hidráulicos de instalacións solares térmicas”: Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou título de grao correspondente e outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Técnico Superior das familias profesionais de Enerxía e auga e Instalación y mantemento.
- Certificados de Profesionalidade de nivel 3 do área profesional de Montaxe e mantemento de instalacións da familia profesional de Instalación e mantemento e do área profesional de Enerxías renovables de la familia profesional de Enerxía e auga).

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional no oficio.

Para as UC 0603 “Montar circuítos e equipos eléctricos de instalacións solares térmicas”, UC 0604 “Poñer en servizo e operar instalacións solares térmicas” e a UC 0605 “Manter instalacións solares térmicas”. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou título de grao correspondente e outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Técnico Superior das familias profesionais de Enerxía e auga.
- Certificados de Profesionalidade de nivel 3 do área profesional de Enerxías renovables da familia profesional de Enerxía e auga.

2. Competencia Docente

3. **Un ano** de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia. Serán, así mesmo, admitidas para esta UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional no oficio.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL DA HOSTALERÍA E TURISMO:*** COCIÑA (HOTRO408):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1376/2008, do 1 de agosto (BOE 06/09/08), polo que se establecen dez certificados de profesionalidade da familia profesional Hostalería e Turismo que, á súa vez, se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade, modificado por R.D. 619/2013 de 2 de agosto (BOE:13/09/2013):

Para as UC 0711 “Actuar baixo normas de seguridade, hixiene e protección ambiental en hostalería”, UC 0259 “Definir ofertas gastronómicas sinxelas, realizar o aprovisionamento e controlar consumos”, UC 0260 “Preelaborar e conservar toda clase de alimentos”, UC 0261 “Preparar elaboracións básicas de múltiples aplicacións e pratos elementais”, e UC 0262 “Preparar e presentar os pratos máis significativos das cociñas rexionais de España e cociña internacional”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou título de grao correspondente u outros títulos equivalentes.
- Técnico Superior da familia profesional de Hostaleira e turismo.
- Certificados de Profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Restauración da familia profesional de Hostaleira e turismo.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para estas UC, as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado acrediten tres anos de experiencia profesional no oficio.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL DA MADEIRA, MOBLE E CORCHO:*** INSTALACIÓN DE MOBLES (MAMRO408):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1968/2008, do 28 de novembro (BOE 22/12/08), polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza que, á súa vez, se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade.

Para as UC0163 “Planificar a instalación, acopio de materiais, máquinas e ferramentas”, UC0164 “Compoñer e fixar o mobiliario e realizar as instalación complementarias” e UC0165 “Comprobar o funcionamento realizar as operación de axuste e acabado”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Arquitectura ou algunha das seguintes Enxeñerías: Industrial, Montes, Materiais ou Organización Industrial.
- Arquitectura Técnica, ou algunha das seguintes Enxeñerías Técnicas: Industrial, Deseño Industrial ou Forestal.
- Técnico Superior en Produción de Madeira e Moble ou Técnico Superior en desenvolvemento de produtos en Carpintería e Moble.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional da Madeira, Moble e Cortiza na área profesional de Carpintería e Moble.

2. Competencia Docente

3. Dous anos de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten catro anos de experiencia profesional no oficio.

CURSOS DA FAMILIA PROFESIONAL DE SERVIZOS SOCIOCULTURAI E Á COMUNIDADE:*** ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO (SSCS0108):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1379/2008, do 1 de agosto (BOE 09/09/08), polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade, que, á súa vez, se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade e modificado polo Rd 721/2011, do 20 de maio (BOE 23/06/11).

Para as UC 0249 “Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención socio-sanitaria”, UC0250 “Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención socio-sanitaria” e UC 0251 “desenvolver as actividades relacionadas ca xestión e o funcionamento da unidade de convivencia”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica, ou o título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Técnico superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención Social da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional no oficio.

*** ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208):**

Requisitos esixidos para o persoal docente no R.D. 1379/2008, do 1 de agosto (BOE 09/09/08), polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade, que, á súa vez, se inclúen no repertorio nacional de certificados de profesionalidade, modificado polo Rd 721/2011, do 20 de maio (BOE 23/06/11).

Para as UC 1016 “Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao se entorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar”, UC1017 “Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional”, UC1018 “Desenvolver intervencións de atención socio-sanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional” e UC1019 “Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional”, estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura ou Título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica, ou o título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Técnico superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención Social da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

2. Competencia Docente

3. Un ano de experiencia profesional no ámbito da Unidade de Competencia.

Serán, así mesmo, admitidas para esta UC as persoas aspirantes que, carecendo de calquera das titulacións esixidas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia profesional no oficio.

CURSOS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

*** COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2 PARA CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE CÓ IDIOMA GALEGO:**

Comunicación en Lingua Castelá, Comunicación en Lingua galega e Competencia Matemática (FCOV32): Requisitos esixidos para o persoal docente segundo o establecido no Anexo IV do R.D. 34/2008 de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

1.1. O formador en “Comunicación de Lingua Castelá”:

- Título oficial de Grao, Licenciatura ou diplomatura no ámbito lingüístico.

1.2. O formador en “Competencia Matemática”

- Título Oficial de Grao, Licenciatura ou Diplomatura no ámbito matemático

1.3. O formador en “Comunicación en Lingua Galega”

- Título Oficial de Grao, Licenciatura ou diplomatura no ámbito lingüístico
- Mestre co certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou equivalente.

2. Competencia Docente.

* **COMPETENCIA CLAVE COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ NIVEL 2 (FCOV22):**

Requisitos esixidos para o persoal docente segundo o establecido no Anexo IV do R.D. 34/2008 de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Título oficial de Grao, Licenciatura ou diplomatura no ámbito lingüístico.

2. Competencia Docente.

* **COMPETENCIA CLAVE COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA NIVEL 2 (FCOVXX01):**

Requisitos esixidos para o persoal docente segundo o establecido no Anexo IV do R.D. 34/2008 de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Mestre co Certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou equivalente
- Licenciatura en filoloxía galega ou filoloxía hispánica subsección de galego-portugués

2. Competencia Docente.

3. Un ano de experiencia profesional na impartición de accións formativas

* **COMPETENCIA CLAVE MATEMÁTICAS NIVEL 2 (FCOV23):**

Requisitos esixidos para o persoal docente segundo o establecido no Anexo IV do R.D. 34/2008 de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade. Estar en posesión de:

1. Algunha das seguintes titulacións:

- Título oficial de Grao, Licenciatura ou Diplomatura no ámbito matemático.

2. Competencia Docente.

MÓDULOS TRANSVERSAIS:

* **INSERCIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO (FCO003).**

* **IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES E SOBRE CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR E DOMÉSTICA (FCOXXX01).**

Requisitos esixidos segundo o establecido pola normativa reguladora das bases e convocatoria pública de subvencións para a programación das accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Acreditación dun mínimo de 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero.

2. Competencia docente.

ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DOCENTE:

(Segundo o establecido polo artigo 13 do R.D. 34/2008 de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade.)

Para impartir os módulos formativos dos certificados de profesionalidade, será requisito que o formador acredite posuír a competencia docente.

Para acreditar a competencia docente requirida, o formador ou persoa experta deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.

Do requisito establecido no parágrafo anterior estarán exentos:

a) Quen estea en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de pos grao nos citados ámbitos.

b) Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais atópense en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos quen acredite a posesión do Máster Universitario que habilite para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.

c) Quen acredite unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas no últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Quinta.- Presentación de instancias.

1.- Solicitudes.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do rexistro na sede electrónica do Concello de Oleiros (Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscripción nos procesos de selección de persoal).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Oleiros.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A participación neste proceso de selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

- a. DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b. DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso.
- c. NIF da entidade representante, de ser o caso.
- d. A instancia normalizada, que figura na sede electrónica do Concello de Oleiros (Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscripción nos procesos de selección de persoal). Tamén poderase atopar na páxina web municipal (Portada » O Concello » Concellería de Participación Cidadá, Cooperación e Recursos Humanos » Recursos Humanos)
- e. A titulación esixida na base 4.5) en consonancia coa convocatoria respectiva.
- f. Unha relación circunstancia dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes, xa que, non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo conferido para a presentación de instancias.
- g. O xustificante do ingreso da taxa, co selo da entidade bancaria con indicación da data.
- h. No caso de bonificación, copia do título de familia numerosa.

Esta documentación presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do rexistro na sede electrónica do Concello de Oleiros ((Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscripción nos procesos de selección de persoal). As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente nesta Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximo establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Oleiros, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do Concello de Oleiros.

Sexta.- Admisión de aspirantes. Data e celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, que se fará pública no taboleiro de anuncios do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal (<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-participacion-rrhh/rr-hh>), conferíndose un prazo de dous días hábiles para os efectos de reclamacións nos termos do art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora na que se celebrará a fase de concurso.

No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbese que modificar o lugar, a data ou a hora das previstas inicialmente para a realización da fase de concurso, publicarase de igual xeito no taboleiro de edictos do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal (<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-participacion-rrhh/rr-hh>).

Sétima.- Tribunais de selección.

O órgano de selección designarase de conformidade ao estipulado no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocador, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou se realizaron tarefas de preparación de probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

O órgano de selección resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O órgano de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas que desenvolvan labores de asesoramento para as probas que estime pertinentes, limitándose estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo.

O tribunal cualificador estará constituído por:

Presidente/a.- O persoal funcionario ou laboral da Corporación que se nomee.

Secretario/a.- O persoal funcionario ou laboral da Corporación que se nomee.

Vogais.- Tres vogais designados pola Alcaldía ou polo órgano delegado.

Oitava.- Desenvolvemento das probas e sistema de puntuación.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento por orde alfabética e serán excluídas do proceso selectivo aquelas que non comparezan agás os casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal. O dito chamamento comezará por aqueles/as aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra que resulte do sorteo a que se refire o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O tribunal declarará que superaron o proceso selectivo aqueles/as aspirantes que obtivesen maior puntuación no cómputo global do concurso realizado, non podendo superar en ningún caso o seu número ao de prazas convocadas.

O tribunal poderá acordar a lectura pública daquelas probas que se desenvolvan por escrito.

Novena.- Relación de aprobados, presentación de documentos e contratación.

Concluídas as probas, o tribunal publicará a relación de aprobados por orde descendente de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal (<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-participacion-rrhh/rr-hh>), e elevará a citada relación á Alcaldía ou órgano delegado quen efectuará a contratación, comprobado o cumprimento dos requisitos que se relacionan nos apartados seguintes.

No prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que se fixeron públicas as listaxes, os aspirantes que superaron o proceso selectivo deberán presentar na Área de Persoal e RRHH do Concello a seguinte documentación:

- a) A declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por resolución ou sentenza xudicial firme.
- b) A declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa contratación.
- c) A certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio da función, que se realizará a conta do Concello.
- d) Cartilla da Seguridade Social no caso de ter sido dado/a de alta con anterioridade. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior non presentara a documentación, non poderá ser contratado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica ningunha.

Os aspirantes cos que se formalice a contratación están obrigados a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou tarde, ou fraccionando a xornada se fose preciso. Quedarán sometidos a un período de proba co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

Décima.- Interpretación e aplicación.

O Tribunal, en todos os casos, queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas naquilo non previsto nestas bases.

Undécima.- Listaxe de reserva.

Para a cobertura de prazas similares ou a celebración de contratos laborais de carácter temporal, poderá acudir ao proceso selectivo finalizado ao abeiro de cada convocatoria que se realice nas que houbese persoas aspirantes que non obtiveran praza, tendo en conta a orde descendente de puntuación. O concepto de similitude vén referido ás funcións desenvolvidas e á titulación requirida.

Cando un dos aspirantes incluídos na relación fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás renuncie expresamente á súa incorporación.

Duodécima.- Recursos.

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña no prazo de dous meses que contarán a partir do día seguinte da publicación da convocatoria (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

BASES ESPECÍFICAS

De carácter obrigatorio:

FASE DE CONCURSO

Avaliaranse os seguintes méritos de acordo co baremo que se expresa:

1.1.- Formación académica (ata un máximo de 2 puntos):

Por cada titulación esixida polo Certificado de Profesionalidade, ou que teña relación co curso a impartir, segundo o criterio do tribunal..... 1 punto.

1.2.- Cursos de especialización (ata un máximo de 0´5 puntos):

Por cada curso da especialidade ou complementario de 20 a 50 horas (en Centro oficial ou homologado) 0´05 puntos

Por cada curso da especialidade ou complementario de máis de 50 horas (en Centro oficial ou homologado) 0´10 puntos

1.3.- Cursos de formación metodolóxica (ata un máximo de 0´5 puntos):

Por Certificado de Profesionalidade en Docencia da formación profesional para o emprego ou formación equivalente 0´50 puntos

Por Curso de Metodoloxía Didáctica (150 horas)..... 0´25 puntos

1.4- Experiencia profesional (ata un máximo de 2 puntos):

Por cada seis meses traballando na especialidade..... 0´25 puntos

Non se avaliará neste apartado o tempo de traballo que fose acreditado para suplir a carencia das titulacións nin o que se precisa como obrigatorio polo Certificado de Profesionalidade.

1.5.- Experiencia na docencia de cursos de formación para o emprego (ata un máximo de 5 puntos):

Non se avaliará neste apartado o tempo de traballo que fose acreditado para suplir a carencia da formación metodolóxica que se precisa como obrigatoria polo Certificado de Profesionalidade:

a. Por cada hora de formación para o emprego impartida da mesma especialidade0´001 puntos (A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 5 puntos).

b. Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional.....0´0005 puntos (A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 3 puntos).

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias:

- Os servizos prestados na Administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou persoal funcionario competente, que reflecta o corpo ou grupo profesional de pertenza e os labores realizados.
- Os servizos prestados en empresas privadas, mediante presentación do modelo oficial de Informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social ao que se deberá acompañar, inescusablemente, os contratos de traballo debidamente rexistrados polo Servizo Público de Emprego.
- Cando a modalidade contractual sexa a través dunha prestación de servizos como traballador autónomo, tanto nunha Administración pública como nunha empresa privada, deberán presentar: informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta no réxime especial correspondente, así como a xustificación do traballo desenvolto mediante algún dos seguintes documentos: declaración trimestrais do IRPF, liquidacións do IVE, imposto de actividades económicas onde apareza o epígrafe da actividade desenvolvida, contrato civil de arrendamento de servizos ou calquera outro medio válido en dereito.
- Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

A experiencia docente deberá estar acreditada coa mesma documentación que a non docente, con indicación expresa da formación impartida: denominación do curso, módulo formativo o Unidade de competencia, así como as horas e as datas.

- Non se computarán os servizos inferiores ao mes, entendéndose estes de trinta días. Deduciranse proporcionalmente aqueles servizos prestados a tempo parcial.

Os méritos avaliaranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e, en todo caso, á data de sinatura ou emisión do documento presentado, e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas.

A puntuación obtida nesta fase publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Oleiros e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal (<http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/c-participacion-rrhh/rr-hh>)

Fase de concurso: máximo 10 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN

De carácter obrigatoria e eliminatoria.

* **Memoria:** Consistente na elaboración dunha memoria, que deberá presentarse inescusablemente dentro do prazo de presentación de instancias xunto co currículo do/da aspirante, coas seguintes características:

Extensión non superior a 8 folios, formato A4, que versará sobre a programación dunha unidade de competencia do certificado de profesionalidade da especialidade para a que o candidato se presente, dirixida a un grupo de 15 alumnos/as.

* **Entrevista profesional:** Na que se procederá á defensa da memoria por parte do/a aspirante e na que o Tribunal poderá facer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/a candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación. Na mesma entrevista procederase a valorar tamén os diversos aspectos do currículo laboral dos/as candidatos/as e se apreciará a idoneidade xeral do/a aspirante ao posto de traballo.

A memoria e a entrevista serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos, dos que un máximo de 10 puntos poderán ser outorgados á memoria e 5 puntos á entrevista curricular.

Oleiros, 8 de xullo de 2022.

A segunda tenente de alcalde delegada de Persoal

Margarita Figueroa Vázquez

2022/4248